

INFANTIL + 1º e 2º de PRIMARIA

Guía da visita Profesorado

Elaborada por Pilar
Ponte (A Profa) para
a Casa de Rosalía.



hoxe imos á
Casa de Rosalía

A casa de Rosalía – A casa de todos

UNHA PROPOSTA

Tráemoslle unha rosa para a súa cama ou, como Rosalía non tiña casa, traémoslle de agasallo unha casa bonita pintada para ela ou unha rosa pintada.

ENTRADA da Casa

- Recordamos que é un museo onde non podemos tocar os obxectos.
- Localizamos o logotipo da flor da casa de Rosalía.
 - Sabemos que flor é?
 - De que cor é?
- Observamos as dúas imaxes máis coñecidas de Rosalía.
 - Que ten vestido?
 - Como vai peiteada?

SALA 1 – Unha casa para ela. A institución



• Rosalía non tiña casa de seu, esta foi a casa na que pasou os seus últimos anos e o pobo galego fíxose con esta casa para ela. Para xuntar os cartos participaron persoas e tamén asociacións e equipos de fútbol.

• Miramos o mantón da estrea de *Os vellos non deben namorarse* de Castelao.

- Miramos o mantón da estrea de *Os vellos non deben namorarse* de Castelao.
- Que forma ten o mantón?
- Cantas cores ten?
- Como son os debuxos?
- Para que se utiliza un mantón?
- Hoxe usamos mantón?



SALA 2 – Quen é Rosalía. A súa vida

- De fronte podemos observar o retrato ao óleo de Modesto Brocos. Podemos preguntarlles se estaba seria ou riseira?
- Ensinámoslles o retrato da nai de Rosalía.
- A continuación os diferentes retratos da escritora. -Hai algún retrato que sexa diferente?

SALA 3 – A Rosa de cen follas. A súa obra



- Miramos a mesa de luz e escoitamos as diferentes pezas musicais e escollemos cal é a nosa versión favorita.

SALA 4 – A cociña tradicional

- Ensinámoslles os elementos da cociña tradicional que podemos atopar e explicámoslles a súa función:
 - a lareira
 - o forno
 - o pote
 - a gramalleira
 - a filloeira
 - a artesa
 - a sella...
- Rosalía sempre se preocupou dos pobres, por iso o Día de Rosalía comemos na súa honra o Caldo de Gloria.



SALA 5 – Unha factoría cultural. A súa familia



- Estudamos o retrato familiar.
 - Cal é a personaxe central?
 - En que podemos apreciar o carácter cariñoso de Rosalía?
 - Que ten no colo Rosalía?
 - Cantos nenos saen na foto?

- A chistera e Murguía
 - Aí é onde dorme Murga.
 - De quen era esa chistera?
 - Que era Murguía de Rosalía?
 - Se ti foses Murga, onde te agacharías?

SALA 6 – Muller mito. O cuarto do seu pasamento

- Esa é a cama de Rosalía, poñémoslle a flor todos os días porque a queremos moito.
- Na parede da esquerda, unhas cantas mostras de como se foi creando o mito ao longo do tempo, miramos:
 - o avión da compañía norueguesa
 - o billete de 500 pesetas



SALA 7 – No meu gran salón. A condición de muller




- Nese salón Rosalía pasaba moitas horas porque antes unha muller non podía saír a pasear por aí ela soa. Pezas que teñen que ver con Rosalía
 - O salón de Rosalía é como o que temos nós na nosa casa?
 - Como é o vestido? Que partes ten?
 - Gústavos o piano? Ou gústavos máis outro instrumento?
 - O cadro é de Ovidio Murguía, do fillo de Rosalía. Que se ve nese cadro?

SALA 8 – Os pais do país. Política e cultura

- A bandeira que podemos ver é a que envolveu a estatua de Rosalía de Castro no ano 1957 cando foi inaugurada.

- De que é esa bandeira?
- Que significa a banda azul?
- Con Rosalía é cando se usa por primeira vez a bandeira galega.



O XARDÍN



- Imos ver:
 - O Loureiro dos Poetas
 - A figueira de Rosalía
 - A estatua de Rosalía
 - O maxestoso ombú
- E para rematar facémonos unha foto de grupo arredor do busto de Rosalía.

Grazas pola vosa visita!